Dous mil anos despois, o vello Foolthe O Tolo ollou arredor e viu o sol que se afundía por detrás do horizonte, coma se un xigante descomunal tirase del para o fondo da súa gruta abisal, aló no confín do Alén. Asustouse e foi esconderse entre as ruínas dun vello asentamento celta, onde o tempo se detera a xogar coas lembranzas. A pegada dun pé xigante fixolle sospeitar da presencia de Hércules, o semideus que separou Calpe e Abila para culminar o perfil de dous continentes. Pero Hércules fórase

8

A memoria de Foolthe

Carlos G. Reigosa



Carlos González Reigosa
(Lagoa de Pastoriza, Lugo, 1948).

Licenciado en Ciencias da Información e en Ciencias Políticas, é autor de seis novelas e de varios libros de relatos curtos e de investigación xornalística. Obtivo os premios Xerais de novela (1984), Rodolfo Walsh de Literatura Testemuñal (1996) e Fernández—Latorre de xornalismo (2003).

© do texto: Carlos González Reigosa
© da edición: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Subvenciona: XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado
Paz Filgueira Paz
Luís M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García
Coordinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero
Corrección de edición: Fran Zabaleta
Fotografía e deseño da colección: Pío García
Imprime: Litonor
Depósito legal: C 2186—2007
Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.

8
A memoria de Foolthe
Carlos G. Reigosa

Dous mil anos despois, o vello Foolthe o Tolo ollou arredor e viu o sol que se afundía por detrás do horizonte, coma se un xigante descomunal tirase del para o fondo da súa gruta abisal, aló no confín do Alén. Asustouse e foi esconderse entre as ruínas dun vello asentamento celta, onde o tempo se detera a xogar coas lembranzas. A pegada dun pé xigante fíxolle sospeitar da presencia de Hércules, o semideus que separou Calpe e Abila para culminar o perfil de dous continentes. Pero Hércules fórase había moito tempo e a súa pegada enchérase de fantasías improbables. Foolthe ocultouse nela case tres meses, convencido de que ninguén se atrevería a pisar onde o fixera o fillo de Zeus que vencera ó forzudo Xerión, despois de setenta e dúas horas de loita.

Mais un día todo cambiou. Espertárono uns canonazos indiscernibles cando xa o sol reinaba no firmamento e espallaba albores dunha brancura cega-

dora. Foolthe viuse rodeado de xente que falaba un idioma estraño e que, non obstante, el entendía, quizais porque fora o seu. Pero todo o que viu naquela tropa causoulle tal espanto e tan fondo desgusto que decidiu esquecer a súa orixe e a súa lingua, que se lle figurou cuarteleira, e aprender a daqueles que o acolleran compracidos e que, con agarimo, o alcumaran o Tolo.

Foi a súa gran decisión. Uns días despois, sentou a contemplar a ría ártabra que tiña diante. Alguén lle dixera que o río Amazonas era máis ancho nalgúns dos seus tramos que aquel brazo de mar, pero el non vira nunca o Amazonas nin sentía que se lle perdera nada en América. En realidade, da súa vida só lembraba a infancia nunha vila inglesa chamada Holton, ó sur de Inglaterra. O resto despenárase no esquecemento: os tempos de soldado da Súa Maxestade Británica, os anos coma mercenario en non sabía que países nin ó servizo de que causas, e a etapa de peregrino intemporal no Camiño de Santiago, convertido en guieiro de ida e volta con parada e fonda en Compostela. Só un amor pervivía na súa memoria: o daquela Catalina Outeiro que o vencellou de por

vida á contorna dun lugar chamado o Rochedo de San Pedro, un sitio que se empeñara en existir había moito tempo.

¿Lembrábaa de certo? Oculto nas ruínas celtas sobre o golfo ártabro, desexouna con todas as súas forzas, aínda antes de coñecela. Máis tarde, cando ocorrreu o milagre e ela se converteu na exacta medida das súas necesidades e satisfaccións, Foolthe elevou os ollos ó Ceo e deu grazas a Deus. "Pero Deus deixara de crer en si mesmo e arrebatouma cando ela era aínda o que eu máis quería", contaba o Tolo nun galego case inintelixible. Daquela, decidira non separarse nunca da tumba da súa amada, xunto ó mar, fronte á badía da cidade herculina. Alí podían oírse os seus soliloquios de xuízo ferido: "O amor é o peor da vida, porque o convence a un de que pode ser feliz. É unha loucura, unha tolemia. Ninguén pode ser ditoso neste val de lágrimas ó que chegamos sen saber a qué vimos nin por qué nin cándo imos deixalo. É un problema que só ten unha solución: rexeitar toda resposta, desprenderse de todo". Por iso a el lle chamaban o Tolo, porque non quería saber, nin lembrar, nin crer, nin soñar, nin arelar, nin sequera fuxir. Aseguraba que

o tiña todo porque non desexaba nada, pero os que dicían ter moito non o recoñecían entre os seus e tomábano a chanza, por atoleirado e extravagante.

Foi deste xeito como Foolthe, sabedor de que a felicidade non consistía en acumular bens materiais, se descubriu rodeado de verdadeiros tolos que crían saber e que se preocupaban polo seu destino, como se este fose de certo unha incógnita para eles. ¿Acaso había algún que non soubese onde ía estar dentro de mil anos? ¿Quedaba alguén cabal que rexeitase a morte coma unha realidade ineludible? ¿Podía a vida encarnar algún enigma nalgo tan carente de misterio coma o ser humano? ¿Alcanzaría alguén a darlle algunha vez o menor sentido a semellante despropósito? Non, a súa resposta era negativa. E érao desde que Catalina morrera. A negación impúxoselle desde o mesmo intre en que foi desterrado da súa loucura de amor. ¿Cómo non ía compadecerse daquelas criaturas —vecinos seus— que se afanaban por ser algo relevante, cando o Tempo xa escribira nas súas Memorias Infalibles a nada que terminarían por ser: nin eco dunha lembranza, nin pulsión dun soño, nin evanescencia dun delirio?

Pero Foolthe o Tolo era xeneroso e enxamáis lle revelou o seu saber a ningún deles. "O coñecemento é cruel porque nos desvela os nosos límites, sempre excesivos, sempre inaceptables. Por iso todo home ten dereito a intentar non sufrir, e para conseguilo pode —e debe— mentirse a si mesmo e mentirlle a Deus, que é, á vez, o seu Supremo Facedor e o seu Supremo Desfacedor, e tamén a súa Suprema Nada e o seu Supremo Todo". Frases que pronunciaba cando estaba so fronte á badía, na súa atalaia predilecta, baixo a luz cegadora do sol meridiano. Desde alí vira o polbo xigante que moitos dixeran ter capturado, pero cuxa cabeza enxamáis viu sobre a súa mesa ningún procónsul romano nin concibiu Xulio Verne nos seus peores pesadelos. Porque aquel polbo chamábase Amor e tiña o tamaño do seu alento. Un octópodo que, coas súas mesmas formas prediluviais, lle transmitía ó home a primeira mensaxe posedénica: "Se inutilmente". Un molusco namorado da vida que se enguedellara na trampa da supervivencia e que, fiel a si mesmo, se esquecera de cambiar, de evolucionar. Foolthe admirábao cando vivía Catalina. Despois de que ela morreu, decidiu non admirar nada nin a nin-

guén. Mais sempre lle quedou unha debilidade por aquel cefalópodo xigante cuxa cabeza todos querían coma trofeo, sen decatárense de que todo el era só unha mensaxe do Destempo.

O refrán aseguraba que non había mal que cen anos durase, pero Foolthe constatara a súa falsidade. O que a el lle demostrara a vida era xustamente o contrario: que non había ben que durase cen anos. Por iso empezou a facer conxecturas sobre o ben e o mal, preguntándose por qué éste lograba gran estabilidade e permanencia, mentres que aquel sempre resultaba fráxil e en xeral pouco duradeiro. Mergullouse entre a xente para profundar nas súas observacións e buscou con afán unha explicación. Se o ben e o mal eran duas caras do mesmo, ¿por qué, unha vez lanzada á moeda ó aire, non había igual probabilidade de que unha ou outra se fixese dona da súa vida? Ignoraba a resposta, pero comprobara que non había ningunha igualdade de oportunidades á vista. Catalina fórase para sempre, e iso representaba o mal en todo o seu vigor, irremediable, inclemente e absurdo.

Visitou a ermida de San Pedro, a igrexa de Santiago e a colexiata de Santa María, e durmiu na

torre de Hércules, desde onde viu brincar e rebuldar a uns mozos que non se decataran da súa presencia. Asistiu á inauguración do obelisco e do curro taurino, loitou contra os corsarios de Francis Drake e viu morrer ó xeneral John Moore en Elviña. Segueu o pendón ondeado nas procesións do santo e percorreu incansable os bares da Cidade Vella. Deste modo, foise convertendo nun cidadán máis do rochedo ártabro que baixaba á Crunia, sen que o seu alcume do Tolo implicase ningunha desestima ós ollos dos veciños. Tanto que, co paso do tempo, comezaron a chamarlle Fulto, despois Faldo, máis tarde Fando e ó cabo Fernando. Fernando ¿qué? O alcalde construiulle unha identidade eufónica caprichosa: Fernando López Díez. Así foi inscrito no padrón municipal, co seu consentimento e aprobación. ¡Qué máis lle daba! Mil anos despois nin Foolthe o Tolo nin Fernando López Díez lle dirían nada a ninguén.

Pero de súpeto ocorreu algo sobrenatural. O sol apagouse no ceo, antes de escorrer detrás do horizonte, e o Rochedo quedou ás escuras tres días e tres noites. A poboación ía de correcán, dun lado para outro, preguntándose que maldición bíblica caera so-

bre eles. As luces das velas apagábanse e as lámpadas eléctricas despedían unha luz fusca e tenebrosa que o enchía todo de sombras medoñentas. Os cans deixaron de ladrar e os gatos de maiar, e os veciños comentaban o suceso en voz baixa. Demetrio Milrás, o benquerido xefe do goberno municipal, preguntou por Fernando López Díez, pero ninguén sabía del desde que comezara aquela insubornable nocturnidade. O alcalde mandou buscalo. Metéraselle nos miolos que todo o que estaba a ocorrer tiña algo que ver con el. O capitán da Garda Civil Agapito Landín, coñecido pola súa eficacia e bonomía, tomou o mando.

A busca foi inútil durante máis de corenta e oito horas, nas que se rastrexou o lugar metro a metro, pero ó cabo do terceiro día o labor deu o seu froito. O home estaba ó pé do seu miradoiro preferido, fronte á badía coruñesa, cunha muller que dixo chamarse Katherine MacHillock, unha rubia escocesa de vinte e dous anos. Cando os encontraron, na escuridade, Fernando e ela xacían durmidos sobre a area coas súas mans entrelazadas. A partir dese momento, sobre os outeiros do Leste empezou a asomar unha claridade limpa que anunciaba un novo mencer. A

poboación do Rochedo respirou aliviada. E o alcalde declarou tres días de festa por sair todos ben librados daquela proba. Despois, chamou a parte a Fernando e preguntoulle con receosa curiosidade: "¿Que tivo vostede que ver en todo isto?". Fernando López Díez, antes Foolthe o Tolo, ollouno con estrañeza e respondeulle: "¿En que? ¿Que pasou? ¿De que me fala?". Demetrio explicoulle que pasaran tres días seguidos sen que saise o sol. Fernando, antes Foolthe, fitouno con absoluta incredulidade: "Non pode ser. Eu non me movín de aquí e non vin nada. Se pasara algo así, decataríame, ¿non?". O alcalde mirouno cun sorriso retranqueiro. Fernando, antes Foolthe, alias o Tolo, non entendía aquela expresión, pero, pouco a pouco, foille alumeando unha sospeita na cabeza. "¡O demo! —exclamou— ¡Que me namorei outra vez!". Volveuse cara á compañeira e decatouse das proporcións do milagre. Aquel Deus que, segundo el sostiña, deixara de crer en si mesmo, acababa de lanzalo de novo ó abismo do amor e, como fixera Zeus cando atopara á bela Alkmene, unira para el tres días e tres noites de paixón. ¿Incrible? Incrible. Pero real. Levantou a súa ollada ata encontrar a do alcalde e díxolle: "Comprén-

doo. Entendo o que pasou. Ireime de aquí hoxe mesmo para non ser causa de máis problemas". Mais todos os veciños do Rochedo, que non se arredaran de cabo del, mirábano con simpatía e agarimo, nunha actitude que superaba as mellores expectativas que el tivera nunca sobre a condición humana. "Alcalde, queremos que non se vaia", pediu un. "É un dos nosos", afirmou outro. "Tan de aquí coma nós", rematou un terceiro. E todo un coro repetiu: "Que se quede, que se quede, que se quede".

Nove meses despois naceron no Rochedo case cen nenos, fillos daquela longa noite, e todos os pais lle rogaron a Fernando e a Katherine —xa daquela chamada Catalina— que os apadriñasen. Así o fixeron, e a nova parella anuncioulles, á vez, que a moza escocesa estaba encinta de cinco meses. O alcalde achegouse a Fernando e díxolle: "Estarás contento, ¿non? Fixeches máis polo crecemento do Rochedo que ningún outro veciño". Foolthe, agora Fernando, ollouno cunha pegada remota de tristeza na mirada e respondeulle: "Estou contento, si, pero tamén teño medo, porque non hai ben que cen anos dure". O alcalde deulle unha palmada de ánimo e felicitación, e foise. Fernando, aínda Foolthe no fondal da súa memoria, camiñou cara á súa pequena casa fronte

ó mar. Agora sabía que Deus ás veces cría en si mesmo e obraba milagres. E estaba contento porque desta vez sabía o que ía pedirlle antes de que nada ocorrese: que cando a morte chegara a súa casa, o levase a el antes que a Catalina. Non quería volver a pensar enxamáis que Deus ás veces non cría en si mesmo. E estaba seguro de que esta vez o Todopoderoso ía escoitalo.

Por iso os que se acordan del din que viviu moi feliz. Ata que, moitos anos despois, un día de sol de estío, á meridiana, rendeu a súa alma fronte ó mar, mentres Catalina apertaba con cariño as súas mans, e cinco fillos os rodeaban a ambos os dous. A lenda que pediu para a súa tumba, que aínda hoxe pode verse no areal, reza: "Non lembredes o seu nome. Aquí xace alguén que tivo sorte: amou e foi amado". A súa historia está a escribila o inglés Ferdinand Lopezson, alias The Fool, un historiador novo que o reivindica como devanceiro e cofundador do Rochedo e de Brigancia, ese espazo xeográfico de alma dividida cuxo destino é ser, segundo el, a terra na que han nacer moitos homes coma Foolthe o Tolo, un fillo do futuro... na costa verdecente / ao raio transparente / do prácido luar.

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regulamenta o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regulamenta o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obteren resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónomas, sexan estes estatais ou mesmo rexionais"

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
"En galego, con toda seguridade".
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil

Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil

Consellería de Presidencia
Policía Autonómica